

BLOQUE 3:
A ACCIÓN HUMANA
UD 9: ORGANIZACIÓN SOCIAL E POLÍTICA



1.- ORIXE DA SOCIEDADE

Os seres humanos somos seres gregarios, non vivimos sos, vivimos en sociedades bastante complexas que se constitúen en círculos concéntricos: a familia, as escolas, as empresas, os barrios, as vilas, os países, as organizacións comunitarias ... Os individuos que conforman estas sociedades son moi diversos e, aínda que teñen intereses comúns, tamén teñen moitos enfrontados ou difíren nas maneiras e tempos de conseguilos.

Por tanto para convivir son necesarias:

- unhas regras
- unha organización
- unhas institucións que sustenten o poder e que fagan cumprir as regras

2.- ELEMENTOS DA ORGANIZACIÓN POLÍTICA

Sociedade Civil: grupo de persoas que actúan organizadamente defendendo intereses comúns promovendo accións dende fora das institucións políticas. (Ex: cáritas, Cruz vermella, asociacións deportivas ou culturais ,,)

Sociedade Política: todas as asociacións e institucións creadas ou integradas no poder político institucional co gallo de garantir a súa efectividade e funcionamento. (Ex: a coroa, o parlamento, o congreso ...)

Nación: grupo de persoas entre as que existen, todos ou algúns, dos lazos de unión seguintes: históricos, culturais, étnicos, relixiosos, lingüísticos, etc. As nacións non sempre se

corresponde as fronteiras dos países (por cuestións históricas e políticas que sempre remiten ao dominio e á explotación). Poden ter unha organización política propia ou estar sometidos a outro Estado.

Estado: entidade xurídica e política que está situada nun ámbito físico determinado e que exerce poder respecto dun conxunto de persoas. Os Estados son soberanos.

Réxime Político: forma concreta que adopta un Estado que establece como se exerce o poder. Un réxime político pode ser lexítimo ou ilexítimo, e democrático ou non democrático.

Goberno: institución do Estado que conta, temporalmente, co poder político e, por tanto, organiza a sociedade. Os gobernos poden ser lexítimos ou ilexítimos, e democráticos ou non democráticos.

3.- O PODER POLÍTICO MODERNO

3.1.- Nicolás de Maquiavelo

Maquiavelo (Florencia, 1469-1527) foi filósofo, diplomático, pai da teoría política moderna e asesor político ao servizo de Lorenzo de Medici. Considerado a orixe do chamado **Realismo Político:** teoría política que rechaza o bosquejo idealista de “como debería ser” unha sociedade e céntrase en ofrecer propostas e solucións concretas para problemas concretos dunha sociedade e goberno determinados.

Achegas da súa teoría política:

- Nin a Virtude nin a Xustiza son, nen deben ser, o fundamento da acción política
- Todas as formas de goberno están sometidas á *Lei de Decadencia histórica*; e dicir todas as formas de goberno teñen tendencia a dexenerar:
 - . as Monarquías en Oligarquías
 - . as Aristocracias en Oligarquías
 - . as Democracias en caos e corrupción
- Unha República corrupta non é capaz de rexenerarse a si mesma, precisa dunha figura externa co faga
- O Príncipe (para Maquiavelo *príncipe* non significa membro da realeza senón calquera gobernante) ten dúas misións:
 - . Conseguir o poder ao prezo que sexa: “*A finalidade xustifica os medios.*”
 - . Conservar o poder políticos para iso debe manter a orden social por enriba de todo
- O Príncipe ideal ten que ter dúas virtudes:
 - . Sagacidade: para analizar ben as situacións e tomar as decisións correctas
 - . Determinación: para levar a cabo o que se propoña

3.2.- Os Contractualistas

Dende o Renacemento iniciase en Europa o proceso de constitución dos Estados modernos base da distribución actual do territorio. Neste momento nace tamén o **contratualismo**, teoría política que considera en pensar que: a sociedade civil e o Estado son froito dun acordo ou pacto libre e non necesario entre individuos que vivían nun estadio hipotético previo ao que chamaron **Estado de Natureza**. Os contractualistas sentaran as bases do Estado e do poder político modernos, e argumentaran as orixes dese poder e a súa **lexitimidade**. Esta nova maneira de entender o Estado e o poder político sepárase da noción clásica (o Estado como unha necesidade natural para que o individuo medre) e inaugura unha nova maneira de entendela imprescindible para asentar a nova economía: o **capitalismo**.

Consideramos que existen tres contractualistas e a explicación de cada un deles da paso a un tipo de Estado:

CONTRATO SOCIAL			
	ESTADO DE NATUREZA	CONTRATO	TIPO DE ESTADO
HOBBS	O home é malo por natureza: envexoso, corrupto e violento Non hai leis É unha guerra de todos contra todos. O home non está seguro e teme pola súa vida	Os individuos renuncian a súa liberdade e ceden todos os seus dereito a unha persoa a cambio de que os protexa e garanta a súa vida. Ceden liberdade por seguridade	Estado Absolutista: manda unha soa persoa que posúe os tres poderes Este poder é irrevogable
LOCKE	O home é bo Existe unha lei que é a Lei da Natureza que ven directamente de Deus e haina que respectar A Lei Natural garante: o dereito á vida, a liberdade e a propiedade privada Os individuos viven felices pero sempre existe a posibilidade de que alguén non cumpra a Lei Natural e que cada un, tomando a xustiza pola súa man, o castigue desproporcionalmente. Isto pode levar a un estado de guerra	Os individuos ceden o seu dereito a autodefenderse a un poder externo para evitar castigos desproporcionados e rifas e garantir a estabilidade	Estado Liberal: o Estado toma forma de Monarquía Parlamentaria. Os tres poderes están separados para evitar tiranías e corrupción É un poder temporal e revogable se o goberno non cumpre cas expectativas O parlamento pero o dereito de elixir está reservado a: homes, brancos e de boa posición socialdemocracias
ROUSSEAU	Os homes son bos por natureza: compasivos, libres e iguais = mito do bo salvaxe É a sociedade e a propiedade privada quen crea as diferencias entre eles e as	Os individuos reúnen e fan unhas leis; esas leis expresan a vontade xeral que é a vontade do pobo.	Estado Democrático: A soberanía está no pobo Os individuos non se somete ao Estado, os individuos son o Estado

	envexas e fai xurdir os enfrentamentos		
--	---	--	--

3.3.- Montesquieu e a separación de poderes

Charles Louis de Secondat, Barón de Montesquieu (1689-1755), foi un ilustrado que compartiu con eles a ilusión e o optimismo de chegar a unha sociedade máis xusta na que todos os individuos serán máis felices e vivirán mellor. Para este mundo mellor cre na importancia da liberdade do individuo ante o Estado, pero tamén é consciente de que o individuo tende á corrupción e a desobedecer as leis. É por eso que na súa obra *O Espírito das Leis* sinala dúas cousas importantes para ter un Estado xusto e limpo de corrupción:

- Identificar os poderes do Estado
- Separalos, poñelos en distintas mans. Isto ten a misión de limitar os poderes e de que se un deles é corrupto os outros podan denunciálo e corrixilo. Os poderes do Estado son tres:
 - **Poder Lexislativo:** lexisla e dicir fai leis que son a base do orden de toda a sociedade. Este poder reside nas cortes (Congreso de Deputados + Senado)
 - **Poder Executivo:** executa as leis, fai que se cumpran; é dicir goberna. Este poder reside no Goberno e as súas institucións (Presidente, ministerios e ministros, institucións estatais)
 - **Poder Xudicial:** xulga o cumprimento das leis vixentes e penaliza (con código penal previamente acordado polo lexislativo) se é necesario

ESTRUTURA DO PODER XUDICIAL	
Ámbito Nacional	Tribunal Supremo – Audiencia Nacional
Ámbito Autonómico	Tribunal Superior de Xustiza
Ámbito Provincial	Xulgado Provincial
Vilas grandes	Partida Xudicial
Núcleos Pequenos	Xulgado de 1ª Instancia

3.4.- Kant: A Paz Perpetua

Na súa obra *A paz perpetua* Kant , como bo ilustrado que foi, sostíña a posibilidade de aspirar a unha sociedade xusta e feliz. Esta sociedade debería:

- Respetar a liberdade individual de todos os individuos ante o Estado
- Recoñecer os dereitos básicos de todos os individuos
- Resolver pacificamente e a través do diálogo todos os conflitos que xurdan tanto a nivel interior como entre países (Don de Xentes = diplomacia actual).

Pero Kant non era iluso e sabía que para que estes principios se cumpriran era necesario:

- Levar a cabo un proceso de ilustración na sociedade (Kant aspira a unha sociedade máis culta para poder resolver conflitos)
- Cidadáns libres: réximes económicos e sociais que permitiran que todos os seus membros foran libres
- Comunidades políticas rexidas por leis (está en contra dos réximes absolutistas) ás que deben estar sometidos tamén os dirixentes
- Federación de Estados libres e soberanos: recoñecemento das fronteiras e da soberanía de cada país
- Dereito Cosmopolita: o dereito de todo cidadán de circular por cantos países queira como queira e cando queira sen perder os seus dereitos básicos

3.5.- O Final da Modernidade

Os Estados de finais da época moderna debían garantir teoricamente:

- A Soberanía Nacional que emana do pobo (non admiten Estados Absolutistas)
- A División de Poderes
- A Liberdade Política ante o Estado:
 - . Todo cidadán pode facer todo o que a lei lle permita
 - . Non está obrigado a facer nada que a lei non obrigue
- Igualdade Xurídica:
 - . Todos os cidadáns son iguais ante a lei
 - . Todos os cidadáns poden acceder a calquera cargo político
 - . Non existen os privilexios de clase ou económicos
- Ilustración Pública: os Estados están obrigados a garantir unha educación pública, gratuíta e de cualidade a toda a poboación para fomentar cidadáns críticos e activos política e socialmente.

Evidentemente, aínda ca teoría quedaba implantada, a maioría destes dereitos non se cumprían na maioría de Estados a finais do século XVIII.

4.- IDEAS POLÍTICAS DOS SÉCULOS XIX E XX

No século XIX consolídase o **Capitalismo** como modelo económico e social pero tamén xurde unha nova ideoloxía oposta e alternativa: o **Socialismo**.

4.1.- Capitalismo

O capitalismo como modelo económico e social está baseado na ideoloxía **Liberalista** que aparece no século XVII.

Entendemos por liberalismo o pensamento que nace de mans dos burgueses como unha revolución contra o absolutismo monárquico que lles impedía o ascenso e consolidación como clase social. Os pequenos burgueses dos séculos XVI e XVII, a través do pensamento liberal e dos acontecementos socio-históricos, acabarán converténdose nunha clase social nova: a burguesía, que no século XIX será a dona de todos os **medios de produción** e opoñeráse á outra clase social: o proletariado.

Que supón o Liberalismo económico:

- O Estado non debe intervir na economía; solicitan o que se denominan o **Estado Mínimo**: o Estado só debe atender a temas de seguridade e estranxeiría pero non en economía
- Está a favor da **liberdade económica**: o mercado debe autorregularse, así asegúrase un crecemento económico que acabará chegando a todas as clases sociais (se as clases altas -burguesía- enriquecese isto repercutirá positivamente nos traballadores). O seu lema é: "*laissez faire, laissez passer*."
- **Libre comercio** sen política de aduanas nin aranceis: os Estados non deben protexer as economías propias senón que o mundo debe ser un "gran mercado único" (as empresas intentarán ser o máximo de competentes para garantir unha mercadoría económica que se venda por diante de outras; isto conséguese con peores condicións laborais para os traballadores)
- Non leis estatais que limiten a **liberdade das empresas**: esto as fai menos competitivas. Pero sen convenios os traballadores están desprotexidos.
- **Impostos moi baixos ou nulos**: ninguén ten que sufragar a outros; a compensación en servizos é un lastre para o crecemento económico. Parte dun suposto falso: de que todos os cidadáns teñen as mesmas posibilidades de traballar e enriquecerse
- Se non hai impostos non hai políticas compensatorias a nivel de axudas, subvencións, rendas ou becas
- Rechazan calquera institución pública: de saúde, ensino, aluguer ... que lastra á clase burguesa e fomentan o non esforzo de unha parte da poboación
- Os principais representantes son: David Ricardo, Jeremy Betham, Adam Smith e John Stuart Mill

4.2.- Socialismos

O pensamento socialista aparece no século XIX da man do filósofo e economista Karl **Marx** e o seu compañeiro e amigo Friedrich **Engels**, como unha resposta revolucionaria e liberadora ante a situación de precariedade e pauperización na que vivía a gran masa social (a clase obreira) despois da Revolución Industrial debido ás políticas liberais do réximen económico capitalista.

Principais ideas do Socialismo:

- A economía é a base de toda organización social e política. A economía é a **Estrutura** e todo o demais é a **Superestrutura** (conxunto de institucións e formas de conciencia: relato histórico, leis, dereito, cultura, arte, costumes, filosofía, relacións sociais, relixións, etc). Cada estrutura (cada organización económica) crea un tipo de sociedade: unha superestrutura ca xustifica. Por tanto Marx da a volta a algo que era moi común pensar: non é unha sociedade creando un tipo de economía senón o tipo de economía a que crea unha ideoloxía concreta.
- Ao longo da historia os SH téñense organizado en distintos tipos de economía (a asiática, a escravista, a feudal e agora a capitalista). En todas se produce unha loita de clases na que o grupo explotador crea un relato cultural ca explica, a xustifica e a mantén no poder sobre o grupo explotado. Esa cñase social explotadora crea unha ideoloxía, un relato para convencer ao resto de que esa maneira de ver o mundo é a única posible.
- A clase explotadora sempre ten a propiedade privada e os medios de produción cos que somete á clase explotada que non ten nada (só forza de traballo)
- Na economía capitalista as clases sociais son: burgueses e proletario
- O sistema capitalista provoca **alienación** na clase obreira (= facer alleo aquilo que antes era propio) porque o sistema produtivo capitalista arrebatara ao obreiro o produto do seu traballo (o obreiro emprega tempo e esforzo pero o resultado non é seu). A cambio obtén un soldo mínimo co que nunca porá adquirir o produto manufacturado. Isto crea frustración, insatisfacción e alienación na clase traballadora.

Propostas do Socialismo:

Marx e Engels sempre foron optimistas e consideraron que a economía capitalista é un tránsito que vai rematar. Ao cambiar a estrutura económica cambiarán as relacións de produción. Como?

Só a través da **Revolución da Clase Obreira**. Moitos outros socialistas (os chamados **socialistas utópicos**) propuxeron solucións menos drásticas que consistían en mellorar as condicións obreiras e limitar un pouco as liberdades da clase burguesa. Pero Marx e Engels nunca as admitiron. A única solución para eles era o cambio radical: a Revolución.

Economía Socialista:

- Na nova economía o primeiro era socializarán as empresas (pasan a ser gobernadas polos propios traballadores) pero finalmente desaparecerá a PP
- Nun primeiro momento o Estado será o encargado de facilitar estas transformacións pero iso só é un primeiro paso, finalmente o Estado debe diluírse e desaparecer: na sociedade socialista ninguén ten máis poder que outro polo tanto o Estado non ten cabida
- As relacións de produción non estarán baseadas na produción senón na solidariedade. Nesta sociedade todo o mundo aportará á sociedade na medida das súas posibilidades e recollerá na medida das súas necesidades.

Nunca debemos confundir o Socialismo Teórico do que falaban Marx e Engels ca aplicación do seu pensamento en algúns países do mundo (URSS, China, Cuba, Checoslovaquia, Corea del N, Vietnam). Desgraciadamente en todos estes países traizoouse as teorías socialistas e acabaron converténdose en gobernos totalitarios no que o aparello do Estado foi/é extremadamente forte e condicionou gravemente a liberdade individual.

4.3.- As Socialdemocracias

As consecuencias económicas e sociais do capitalismo e o fracaso da aplicación das teorías socialistas en algúns países, deu paso no século XX as chamadas **Socialdemocracias modernas**. As socialdemocracias nacen nos países máis ricos e desenrolados do norte de Europa (Finlandia, Suecia, Noruega, Dinamarca, Alemaña e Austria) con niveis de vida altos nos co avance das asociacións e sindicatos obreiros premían para avanzar nas reivindicacións da clase traballadora pero sen querer abandonar a economía capitalista. Despois da 2ªGM esténdense por moitos países europeos.

As socialdemocracias defenden:

- A necesidade da Empresa Privada para xerar riqueza e estimular a produción (pensan que as empresas públicas non son suficientemente competitivas). Polo tanto liberdade nas iniciativas particulares
- Pero a necesidade da intervención do Estado para:
 - . regular e equilibrar as flutuacións do mercado
 - . controlar a política de estas iniciativas privadas
 - . equilibrar as desigualdades sociais: non todos os individuos parten das mesmas posicións e por tanto é un engano pensar que todos temos as mesmas posibilidades
- Nestas sociedades os individuos aportan impostos altos (proporcionais ás súas ganancias) que serven para corrixir as desigualdades sociais investindo en:
 - . Sanidade pública
 - . Ensino público
 - . Defensa xurídica de balde

- . Fortes conexións sindicais para mellorar convenios de traballadores
- . Atención a persoas sen recursos: nenos, enfermos, ,con capacidades diversas, vellos
- . Organización forte da sociedade civil con papel nas decisións políticas

Poderíamos dicir que é:

Unha economía capitalista con a incorporación de medidas socialistas.

Un equilibrio entre: a liberdade económica e a intervención do Estado

4.4.- Conceptos básicos para as democracias actuais

SOBERANÍA POPULAR	O pobo ten todo o poder político aínda que non o exerza directamente senón a través dun sistema de eleccións indirectas. Todo o que un goberno decide debe ser ordenado polo pobo.
PARTICIPACIÓN	Directa: en un referendum sobre algún tema concreto a cidadanía ten dereito a opinar.
	Indirecta: eleccións periódicas por sufrexio universal .
CONSENSO	O xogo político baséase na confrontación de ideas que debe ter como obxectivo chegar a un acordo total ou sobre puntos concretos.
PRINCIPIO DE MAIORÍA	Todos os cidadáns poden participar no sistema de votacións. No sufragio universal todos os colectivos votan e todos os votos valen o mesmo. O goberno réxese polo principio de quen ten máis votos goberna porque ten máis apoio popular
RESPECTO ÁS MINORÍAS	As minorías políticas teñen dereito a organizarse e constituírse como oposición; a súa misión é controlar os abusos e posibles actos corruptos da maioría
DIVISIÓN E CONTROL DO PODER	O poder atópase dividido en tres (lexislativo, executivo e xudicial), Deben ser totalmente autónomos. Cada un debe controlar aos outros dos para evitar abusos e corrupcións
RÉXIME DE OPINIÓN PÚBLICA	Os cidadáns teñen dereito a unha información detallada e veraz das accións dos tres poderes para poder conformar unha opinión crítica persoal. Os cidadáns teñen dereito: . á información . á liberdade de expresión
REVERSIBILIDADE	Toda decisión tomada por unha maioría política debe ser reversible polo procedemento democrático de cambio de goberno

5.- O PENSAMENTO UTÓPICO

5.1.- Utopia = lugar inexistente

Do grego *topos* (lugar) ca negación *U*

Unha utopía recrea unha sociedade ideal e inexistente que se contrapón á sociedade real para poñer de manifesto as deficiencias e erros da segunda.

Utopías ao longo da historia:

- **Utopías antigas:** “*A República*” de Platón. Describe unha sociedade ideal dividida en tres clases sociais non sanguíneas (rei, guerreiros e produtores) na que todo o mundo ocupa xusto o lugar que lle corresponde segundo a súa idiosincrasia; é o lugar onde máis feliz é e onde máis pode aportar á sociedade.

- **Utopías medievais:** “*Cidade de Deus*” de Agostiño de Hipona (s.IV). Propón dúas cidades: a dos homes onde rexen as leis positivas dos homes (a sociedade real na que vive) e a cidade de Deus onde rexe a lei divina. Contrapón a cidade divina perfecta á cidade dos homes con todos os seus defectos.

- **Utopías modernas:** durante o Renacemento o número de propostas sociais utópicas increméntase moito seguramente debido á gran inestabilidade social, as continuas guerras, aos poderes absolutistas. Tiñan a intención de denuncia os males da súa sociedade pero tamén de facer propostas novas:

. “*Utopía*” de Tomás Moro. É a primeira e quen da o nome de utopía ás demais. Describe unha sociedade lonxana que vive nunha illa descoñecida sen contacto con ninguén. É unha sociedade agraria e comunista na que non existe a PP (fonte de todos os males e problemas da humanidade)

. “*A cidade do sol*” de Tomasso de Campanella. Describe tamén unha sociedade secreta situada no cume dunha montaña. Recorda un pouco á utopía de Agostiño porque describe unha sociedade teocrática e comunista. Igualmente rexeita a PP.

. “*A nova Atlántida*” de Francis Bacon. Describe unha sociedade tecnolóxica na cos inventos xeraron unha sociedade feliz e xusta.

5.2.- Distopías:

Durante os séculos XIX e XX as utopías serán moi criticadas por teóricas e ineficaces:

- Por Marx e os socialistas: que as acusan de facer unha crítica teórica que non serve para nada á hora de mellorar as condicións de vida reais dos traballadores.

- Por Popper: por defender posicións liberais.

Así que as utopías transfórmanse en **distopías**. Unha distopía describe unha sociedade futura inexistente pero que é unha proxección realista de como pode evolucionar unha sociedade real e chegar a consecuencias desastrosas; nestas sociedades solen ter desaparecido calquera liberdade individual, os individuos viven baixo a vixilancia extrema

de algún tipo de estado, con un estado policial que os controla (as veces ata a maneira de falar) e onde a creatividade e as diferencias están abolidas.

Nos séculos XX e XXI haberá un gran número de distopías froito dunha sociedade pesimista e como consecuencia dunha sociedade que pasou por dúas guerras mundiais, totalitarismos e segue a proxectarse negativamente.

Entre moitas outras podemos citar:

NOVELA	<i>“Un mundo feliz”</i> (1931) de Aldous Huxley
	<i>“1984”</i> (1949) de George Orwell
CINE	<i>“Blade Runner”</i> (1982) de Ridley Scott
	<i>“Matrix”</i> (1999) de Lana e Lilly Wachowski
CÓMICS	<i>“Batman”</i> (1940) de Bob Kane
	<i>“Watchmen”</i> (1986) de Alan Moore
	<i>“Akira”</i> (2006) de Katsuhiro Otomo